
ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA APERTURA DE ESTABLECEMENTO

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por licenzia de apertura de establecementos", que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais e mercantiles reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e caquera outras esixidas polas correspondientes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenzia de apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comenzo as súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, esté ou non aberto ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se dedique o exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesana, da construción, comercial ou de servicios que esté sujeta ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

ARTIGO 3º.- SUXETO PASIVO.

Son suxetos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 da lei

Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades, e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- CUOTA TRIBUTARIA.

1. A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa que se satisfará dunha soa vez e a tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas en función do tipo de establecemento do que se trate e da tramitación que conleve:

GRUPO A.- Bares, restaurantes, talleres artesanais, pequenos comercios de venda ó por menor como ultramarinos, mercerías, tendas de roupa e outros semellantes, sempre e en todo caso que non estén sometidos ó trámite do Decreto 2.414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, noxentas e perigosas.....60,00 €

GRUPO B.- Granxas, establecementos de fabricación, almacenamento ou venda ó por maior e en xeral os establecementos sometidos ó Decreto 2.414/1961, de 30 de novembro.....120,00 €

GRUPO C.- Gasoliñeiras, bancos e establecementos, incluídos ou non nos grupos anteriores, cuio volumen de negocio anual supere os 1.000.000 de euros.....240,00 €

2. As tarifas definidas no parágrafo anterior serán de aplicación ós cambios de titularidade das licencias municipais de apertura dos establecementos.

ARTIGO 6º.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Non se concederá exención nin bonificación algunha da exacción da taxa.

ARTIGO 7º.- DEVENGO.

1.Devéngase a taxa a nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, si o suxeto pasivo formulase expresamente ésta.

2. Cando a apertura tivera lugar sin obter a oportuna licenza, da taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, si non fora autorizabile dita apertura.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión

desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licencia.

ARTIGO 8º.- DECLARACION.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no rexistro xeral, a oportuna solicitud con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local.

2. Si despois de formular a solicitud de licencia de apertura se variase ou ampliase a actividade no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións terán que porse en coñecemento da Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

ARTIGO 9º.- LIQUIDACION E INGRESO.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a Resolución municipal que proceda sobre a licencia de apertura, practicarase a liquidación correspondiente pola Taxa, que será notificada ó suxeto pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 10º.- INFRACCIONS E SANCIONS.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal da taxa pola apertura de establecementos entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa e comenará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil catro.”